



## A Aplicación *IBreviary*

Xosé F. Martínez Reboiras<sup>1</sup>

Desde hai algún días, xa podes usar en galego a Plataforma *IBreviary*, que logramos preparar logo de 8 meses de traballo cotián para meter todos os textos que inclúe, coas normas específicas para que o programa puidese funcionar correctamente.

Esta posibilidade, de que a lingua galega da liturxia puidese estar nas plataformas de Internet en pé de igualdade con outras linguas, era unha idea que me cortexaba desde hai varios anos. Logo de petar en varias portas e ver a dificultade de poder facer fronte ao custo que supoñía, atopamos «un braciño ao que se agarrar» para levar adiante a miña ilusión.

Uns amigos italianos, liderados por un diácono permanente, Giovanni Ronzoni, ofrecéronse para incluír na súa plataforma *IBreviary*, onde xa hai outras 12 linguas, a lingua galega, sempre que se contase coa autorización eclesiástica do uso dos textos.

D. José Leonardo Lemos Montanet, bispo de Ourense, coa aprobación unánime dos Sres. Bispos da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela, facilitounos esa autorización.

Cumpridas todas as formalidades, comecei os traballos de ir pasando á Plataforma todos e cada un dos textos convenientemente dispostos, de xeito que podemos dispoñer do Diurnal: cos

---

<sup>1</sup> O Irmán Reboiras pertence á comunidade dos Irmáns La Salle de Santiago. Foi secretario da Asociación de Escolas Católicas entre os anos 2008 e 2016. Escolas Católicas creou en 2019 o premio *Irmán Reboiras* para distinguir as iniciativas singulares a prol da lingua galega.

Laudes, Hora Intermedia, Vésperas, Completas e Comúns dos Santos; Misal: Ordinario da misa, Prefacios, Pregarias Eucarísticas e Comúns dos Santos; Lecturas de todos os días do ano litúrxico; Oracións varias e os Rituais do Bautismo, Matrimonio, Unción de enfermos e Comunión.

Podemos dar grazas ao Señor de que os crentes de Galicia poidan dispoñer dunha nova ferramenta para orar, escoitar a súa Palabra e loar a Deus en calquera momento e lugar en que se atopen.

Para dispoñer desta Aplicación *IBreviary* no teu móbil debes seguir estas normas:

- 1.- Abrir Play Store (ou a aplicación correspondente de iphone)
- 2.- Buscar *IBreviary*
- 3.- Instalar
- 4.- Abrir *IBreviary*
- 5.- No ángulo superior dereito abrir calquera dos dous símbolos
- 6.- Seleccionar galego e descargar o día ou a semana
- 7.- Premer no día correspondente
- 8.- No ángulo superior esquerdo premer nas 3 liñas para presentar os 5 apartados das opcións.

Aínda que algúns títulos veñen en italiano, o contido está en galego. Iremos mellorando os títulos e completando algunhas partes que faltan.

**Xosé F. Martínez Reboiras**